


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

14-15 de febreiro do 2026

VI SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor* *estrofa 1*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Deus fíxonos libres para escoller e tomar decisións na nosa forma de vida.

Esa liberdade lévanos a que poidamos tamén equivocarnos ao non tomar unha decisión axeitada en todas as situacións que van xurdindo ao noso arredor.

“Tedes oído ... pero Eu vos digo”. Xesús invítanos hoxe a ser responsables da nosa vida de fe, a medrar na nosa liberdade e a escoller o camiño que El nos marca coa súa Palabra e a súa vida. Fagamos do Evanxeo o noso libro de ruta no seguimento de Xesús e no trato coas persoas que comparten a nosa vida.

Hoxe non nos equivocamos se nos achegamos e compartimos os medos e as dores de todos eses pobos aos que non se lles deixa vivir en paz.

A nosa fe só pode ser crible se é sementando paz.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida de Xesús demostranos que nós non sempre tomamos as decisións acertadas, e ás veces o mal, o pecado, a ruindade aniña no noso corazón. Agora diante de Deus e dos demais renovamos o noso esforzo por facer mellor*

Monitor/a

- ✓ Dános, Señor, azos para actuar con liberdade á hora de tomar decisións. Señor téndenos a túa man
- ✓ Dános, Cristo, capacidade para non deixarnos guiar polo que di o que máis berra ou máis poder ten. Cristo téndenos a túa man
- ✓ Dános, Señor, criterio para tomar decisións maduras que nos axuden a medrar como persoas. Señor téndenos a túa man

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós e dos que teñen un lugar na nosa vida. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á compartir a felicidade da vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe agradecendo todas as vidas que son un bo exemplo para nós.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, ti prometiches estar sempre naqueles que te aman con corazón recto e sincero.

Fai que a túa graza nos axude a vivir de xeito que merezamos ser a túa morada.

Acóllenos e concédenos vivir dando sempre unha man aos demais.

Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A palabra de Deus amósanos camiños de liberdade. Está nas nosas mans decidir, e a vida non é nada máis e nada menos que elixir o correcto.*

O evanxeo amósanos os camiños polos que se decide Xesús. El non se contenta co que sempre se dixo e fixo, El trae un novo xeito de vivir.



LECTURA DO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Di o Señor: Se ti queres, podes gardar o precepto, facer a súa vontade é sinal de intelixencia.

Puxo diante de ti o lume e maila auga: bota a man ao que prefiras. Diante de cada home están a vida e a morte: o que aneie, iso daráselle; pois grande é a Sabedoría do Señor, El é potente e egrexio e todo o dexerga.

Os ollos de Deus contemplan as súas creaturas e El penetra as accións de cadaquén. Non lle mandou ao home que pecase nin deu pé aos homes falsos.

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) No Lecc I A páx 195 Mt 5, 20-37 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Dilles Xesús aos seus discípulos:

Asegúrovos que se a vosa xustiza non é maior que a dos letrados e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos.

Tedes oído que se lles dixo aos vós devanceiros: Non matarás, e quen mate será reo ante o tribunal. Pero eu dígovos: Todo o que se enrabeche co seu irmán será reo ante o tribunal.

Tedes oído que foi dito: Non cometerás adulterio. Pois eu dígovos: Todo aquel que mira a unha muller casada con desexo, xa cometeu adulterio no seu corazón.

Tamén tedes oído que se lles dixo aos devanceiros: Non xurarás en falso, e cumprirás as promesas feitas con xuramentos ao Señor. Pero eu dígovos: Non xuredes nunca.

Falade, logo, deste xeito: "Si", cando é si; "Non", cando é non; e todo o que pase de aí vén do Malo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón

*A lei antiga
en mans de Xesús é ...*



Di Xesús: Tedes oído que se vos
dixo ...
pero eu dígovos

Xesús despois de mostrarnos as benaventuranzas e chamarnos a ser sal e luz, hoxe convídanos a reflexionar sobre a nosa relación coas normas. A veces pensamos que a vida cristiá é so un conxunto de regras, pero non é así: é un camiño de liberdade, porque amar libéranos.

As normas máis que cadeas son sinais que nos orientan cando nos costa descubrir o camiño de facelo ben.

Xesús hoxe lémbra-nos que non abonda con cumprir externamente, senón que debemos asumir o xeito de actuar de Deus. E pon-nos tres exemplos moi claros.

* O amor non se reduce a “non matar”, senón a vivir coma irmáns. Pero cando as nosas palabras e actitudes non reflexan fraternidade, cando falta agarimo e entrega coas persoas que temos á beira, non estamos cumprindo o mandamento de amar.

* Tamén nos chama a mirar aos demais con respecto, evitando pensamentos que nos leven a posuír ou a utilizar aos demais. Doe ver como moitas mulleres son hoxe tratadas con inferioridade, doe ver o lonxe que aínda está a igualdade.

* Tamén Xesús nos anima a camiñar na verdade e na coherencia do que dicimos e facemos. A proposta de Xesús é que o noso si sexa si cando é si, e non cando é non, pero doe ver o pouco ou nada que vale hoxe a palabra.

En definitiva, a fe non é unha carga, a fe é máis ben descubrir que crer en Deus é vivir libres.

Nós sómolo.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma **EL** facer da fe o camiño de liberdade para achegarnos a Deus Pai. Dicimos:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Cremos en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans
o facer do mundo un fogar acolledor?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que viviu nesta terra decidindo libremente
estar á beira dos necesitados dándolles unha man?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo,
que nos alenta para sermos coherentes
no camiño de facer vivo e crible o evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa,
comunidade que vive nos feitos as palabras de Xesús,
sendo responsable nas decisións que se toman?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oramos a Deus que nos chama a ser libres e coherentes nas decisións que tomamos con respecto á vida de fe e de relación cos demais.*

Dicimos: Señor, pómonos nas túas mans

Monitor/a:

✓ Grazas, Señor, por propoñernos libremente camiños que nos levan a dar unha man para loitar contra todo canto empobrece e oprime. Oremos

✓ Grazas, Señor, porque segues a confiar en nós dándonos a capacidade de elixir e optar crendo e confiando no mellor do ser humano. Oremos

✓ Grazas, Señor, porque nos axudas a tomar conciencia das nosas limitacións, facéndonos caer na conta de que ser libres non é facer o que un quere. Oremos

✓ Grazas, Señor, porque nos alentas para tender pontes, para derrubar muros, para acoller e agarimar. Oremos

✓ Grazas por todas as persoas que están dando unha man para a paz nestes momentos tan duros. Oremos

Celebrante: *Señor, escoita as nosas pregarías e échenos do alento que te levaba a achegarte e ofrecer o mellor aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Oremos coa pregaría do Señor, deixándonos encher do seu amor e sabendo que somos libres xunto cos nosos irmáns. Rezamos atopándonos co Deus Pai que temos á nosa beira, rezamos dicindo o aprendido en Xesús:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns e irmás, na liberdade de procurar un mundo mellor, e na responsabilidade da fe, desexámonos o mellor na paz uns para os outros.*



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *Compartir arredor desta mesa de parroquia é anticipar a nosa participación na mesa do Reino, comprometendo a nosa vida en construír un mundo non de escravos senón de homes e mulleres libres.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma comunidade este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 43 Non vou so**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Señor, seguros da túa bondade,
Ti fixeches que compartísemos
esta celebración de vida e de fe.

Fai que busquemos sempre aquelas realidades
que dan un verdadeiro sentido ao noso vivir.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós
por sempre eternamente. Amén

*Hoxe queremos asumir a responsabilidade das
decisións que tomamos.*

*Que os nosos feitos mostren de verdade que queremos
imitar a Xesús e así facer crible o evanxeo.*



**FAGÁMOLO BEN,
NA LIBERDADE
DE SEGUIR OS PASOS DE XESÚS**

Rematamos cantando

🎵 **nº56 Ide e pegoade a Nova de Deus**